

NOVIDADES
III PLAN DE RESCATE DA
XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA I - AUTÓNOMOS/AS EN ESTIMACIÓN OBXECTIVA

TR600A

[Actualizado a 13/07/2021]

Aberto o prazo ata o
30 de setembro


Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas en alta no **RETA** ou **Réxime do Mar** por **conta propia** e **mutualistas** en réxime de **estimación obxectiva (módulos)** en **calquera CNAE**.

Persoas **autónomas de tempada** que estivesen en alta un **mínimo de 4** e un **máximo de 9 meses** en **2019** ou **2020**.

- ✓ Axudas **compatibles** con outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas.
- ✓ Axuda **incompatible cos programas TR600B e TR600C**, podendo acceder a un único programa por persoa beneficiaria.

Orzamento:
150.000.000 €



Requisitos

1. Ter **domicilio fiscal** en Galicia.
2. Ter **cantidades pendentes de pago** a provedores ou acredores de custos **devengadas** entre o **1 de marzo de 2020** e o **31 de maio de 2021** (contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021).
3. Ter **pagos pendentes a 31 de maio de 2021**, aínda que xa estivesen realizados na data de solicitude.
4. **Estar ao corrente** coa AEAT, ATRIGA a Seguridade Social.
5. Non ter solicitado concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso.*

*Salvo que exista convenio que teña adquirido eficacia

III Plan de rescate da Xunta de Galicia - PROGRAMA I AUTÓNOMOS/AS EN ESTIMACIÓN OBXECTIVA (TR600A)

Destino da axuda | Gastos subvencionables

Obrigatoriamente a persoa beneficiaria debe destinar a axuda:

- En **primeiro lugar**, ao pago das débedas a provedores e outros acredores non financeiros, así como os custos fixos nos que incorrera, **por orde de antigüidade** e,
- Se procede, en **segundo lugar**, a reducir o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.

No caso de préstamos ou pólizas de crédito

- Constituídos entre 1 de marzo de 2020 e 12 de marzo de 2021, o pagamento poderá abranguer as cotas pendentes entre o 1 de marzo de 2020 e 31 de maio de 2021. E se prevén a amortización ou cancelación anticipada, **o pagamento poderá abranguer a totalidade da débeda pendente.**
- Para préstamos ou pólizas de crédito anteriores ao 1 de marzo de 2020, o pagamento poderá comprender as cotas pendentes/importes dispostos entre os días 1 de marzo de 2020 e 31 de maio de 2021.

Contía da axuda

Pago anticipado do
100% da axuda

O importe máximo da axuda será de **3.000 euros****

As cantidades pendentes de pago **deberán ser de importe igual ou superior** á axuda solicitada, de tal xeito que o importe da axuda **nunca poderá ser superior ás débedas** ou cantidades pendentes da persoa solicitante.

****** As persoas autónomas de tempada percibirán unha minoración do 50% respecto do importe establecido.

Novidade (modificación da orde DOG 13 de xullo)

Non será necesario acreditar a caída de volumen de operacións do ano 2020 respecto do ano 2019 **aínda que se trate de actividades non incluídas** no ANEXO I do Real Decreto-Lei 5/2021